

Prezos percibidos e pagados polas explotacións leiteiras. Maio 2005

COMUNICADO

O prezo do leite en maio de 2005 situouse nos 29,1 euros por cen litros sendo inferior ó prezo acadado en abril.

O prezo do leite percibido polos gandeiros descendeu en maio un 1% en relación ó mes anterior

O prezo percibido polos gandeiros polo leite en maio de 2005, que se situou en 29,1 euros por cen litros, descendeu un 1% con respecto ó prezo de abril. Se a serie se corrixe de estacionalidade a variación relativa sobre o mes anterior sitúase no -0,1%. Con respecto ó prezo de maio de 2004 a variación foi dun -0,9%, que en termos de datos corrixidos de estacionalidade se converte nun -0,6%.

Atendendo ás compoñentes do prezo, en maio de 2005 tanto o prezo base como as primas descendeu con respecto a abril, o primeiro descende un 0,2% e as segundas un 4,8%. Con respecto a maio de 2004 o prezo base descende un 1,1% e as primas descendeu un 0,7%.

Tódalas provincias sufriron descensos no prezo do leite de maio con respecto a abril

Tendo en conta a información provincial, o prezo do leite descendeu en todas elas en maio de 2005 con respecto a abril. O descenso máis elevado produciuse en Lugo (1,5%) seguido de A Coruña (0,7%), Ourense (0,5%) e por último Pontevedra (0,3%). Con respecto a maio de 2004 só en Ourense se produce un aumento do prezo (1,7%), mentes que nas demais prodúcense descensos: 0,7 % en A Coruña, 1,0% en Lugo e 3,0% en Pontevedra.


Prezos percibidos e pagados polas explotacións leiteiras. Maio 2005.

	Dato (€100 l)	% variación sobre	
		mes anterior	Mesmo mes ano anterior
<i>Prezos do leite</i>			
Prezo total	29,1	-1,0%	-0,9%
Prezo base	24,3	-0,2%	-1,1%
Total primas	4,7	-4,8%	-0,7%
Datos corrixidos de estacionalidade			
Prezo total	30,1	-0,1%	-0,6%
Prezo base	24,9	0,2%	-1,1%

FONTE: IGE. Prezos percibidos e pagados polas explotacións leiteiras



No seguinte gráfico pódese observar a evolución do prezo do leite total e base dende 1994.



FONTE IGE. Prezos percibidos e pagados polas explotacións leiteiras

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.xunta.es>
e-mail: ige@xunta.es